

INFORMACIÓN SOBRE A RECUPERACIÓN DA NACIONALIDADE ESPAÑOLA

Poderán realizar a solicitude as persoas empadroadas no partido xudicial de Viveiro. No caso de residiren no estranxeiro, poderano facer no Consulado de España correspondente.

Para solicitar a recuperación da nacionalidade española, unha vez perdida esta, deben cumprirse os seguintes requisitos:

- Ser residente legal en España. Este requisito non será de aplicación aos emigrantes nin fillos de emigrantes. Pode ser dispensado deste requisito polo Ministro de Xustiza se concorren circunstancias excepcionais.
- Que a persoa interesada declare ante o encargado do Rexistro Civil a súa vontade de recuperar a nacionalidade española.

DOCUMENTACIÓN NECESARIA

- Fotocopia de DNI/PASAPORTE/DOCUMENTO IDENTIFICATIVO.
- Certificado literal de nacemento actualizado.
- Certificado actualizado de empadramento.
- Certificado consular que acredite a nacionalidade que ten na actualidade e a data da súa adquisición, ou certificado de naturalización.
- Fotocopia do pasaporte do país do que é nacional.

DEBERÁ COMPARECER CO SEU DOCUMENTO IDENTIFICATIVO